

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 12 de abril de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font

Invitados:

D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.45 horas do día doce de abril de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(450).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 25.03.2011 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

2(451).- CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 1481/14. Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 4.04.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a Teresa Pérez Sotelo. Expte. 1481/14.

3(452).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO, PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE REDUCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO, CUN CENTRO DE DÍA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL E UNHA UNIDADE DE RÚA NO ÁMBITO TERRITORIAL DO ENTORNO DA RÚA PINTOR COLMEIRO. APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN. EXPTE. 60837/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director médico de Cedro, do 14.03.11, conformado polo xefe da área de Acción Social e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 24.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 6.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobala concesión dunha subvención directa a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, por un importe total de 45.000 euros, con cargo á partida 3133.4890001- Convenio educación de calle con Médicos do Mundo-.
2. Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, con un centro de día para a inclusión social e una unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.
3. Aprobar o gasto por un importe total de 68.000€, para o ano 2011, con cargo á partida 3133.4890001 “Convenio educación de calle con Médicos do Mundo”.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO

Vigo, ____de _____de 2011

REUNIDOS

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra, D^a María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G79408852, e enderezo a efectos de notificación en Vigo, R/ Islas Baleares 15, baixo, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Médicos do Mundo é unha organización non gubernamental (ONG) que traballa dende 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, dende 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución.

Médicos do Mundo iniciou, en 2001, un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no entorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o Centro de Reducción de DANos (CEREDA).

O CEREDA está concibido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ao consumo de drogas, a diminuír a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.

O programa CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático de drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/o con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no coidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso a la rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ao consumo.

O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, está concibido como un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense dende un dispositivo fixo, denominado centro de calor e café, e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado para a nosa intervención e o equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo. A sala de calor e café abre as súas portas os luns, mércores e venres de 8:00 a 14:00, mentres que os martes e os xoves adícanse a traballo na rúa.

O interese para a cidade de Vigo dun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos é que non solo posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxecto de intervención, senón tamén do entorno sociocomunitario onde se ubica.

Os grandes pilares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.

As prestacións do CEREDA non pretenden substituír as da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder aos recursos.

Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2008 foi de 447 persoas.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas 2009-2012, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de planes municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional. Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ao consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.

A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal ten subscritos convenios de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, para a realización de programas de prevención, servizos asistenciais e de incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a promoción dos programas de urxencia, redución de danos, e de intervención en rúa, e dos programas de axentes de saúde entre iguais, para atender aos colectivos máis desfavorecidos.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3133 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 68.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado centro de calor e café e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Médicos do Mundo, o Concello de Vigo e a dita entidade Médicos do Mundo convenían a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado centro de calor e café e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa, e, concretamente, a:

1. Realizar a contratación de persoal técnico, segundo táboa de anexo 1, para execución da actividade asistencial
2. Asumir a xestión xeral do programa
3. Contribuír o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.
4. Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade MÉDICOS DO MUNDO, unha subvención para o exercicio 2011 por importe de 68.000 euros co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 68.000€ con cargo ao programa de gastos 3133, partida 4890001, do vixente exercicio presupuestario

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de Médicos do Mundo e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servizos Sociais ou persoa en quen delegue.

Oitavo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Noveno.-

A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Décimo.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2012, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- ◆ Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- ◆ Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - (1) Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - (2) Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.
 - (3) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - (4) Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou

compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011.

Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións

previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

4(453).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DO FESTICLOWN 2011. EXPTE. 13030/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa administrativa de Programación Cultural, do 17.03.11, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado de Cultura, co informe do letrado asesor do 24.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 30.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 120.000,00 € (cento vinte mil euros) a Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega, CIF: F15983067, para o financiamento do Festiclown 2011, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.01 “Convenio Culturactiva Festival Festiclown”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se faculte ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Culturactiva Sociedade Cooperativa Galega que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festiclown 2011”.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTICLOWN 2011

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil once.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dna. Consuelo Vicente Ameal, na súa calidade de Presidenta do Consello Reitor de CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, CIF: F15983067, e con enderezo en rúa Betanzos 44 baixo, 15703 da cidade de Santiago de Compostela, que no sucesivo se denominará CULTURACTIVA.

MANIFESTAN

Que CULTURACTIVA, tal e como establecen os seus estatutos ten como fins a xestión, promoción e produción cultural, a produción e xestión de festivais, espectáculos e eventos culturais; a produción, promoción e representación de compañías artísticas (musicais, teatrais, etc.); a programación, xestión e desenrolo de actividades educativas de animación sociocultural, de medio ambiente, ocio e tempo libre; o asesoramento na produción e xestión de espectáculos e actividades culturais, artísticas e festas patronais; a creación, promoción e conservación dun portal web para a cultura alternativa; o deseño e xestión de proxectos de integración social para colectivos en risco ou con minusvalías, a realización de estudos.

Que CULTURACTIVA ven organizando desde hai once anos o Festiclown en diferentes cidades de Galicia e desde hai tres en Vigo amosando o seu espírito alternativo e solidario e converténdose nun dos festivais de clown de referencia obrigada no ámbito estatal e internacional para afeccionados e expertos.

Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social do Festiclown promovido por CULTURACTIVA, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.01 “Convenio Culturactiva Festival Festiclown”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 120.000,00 €, a favor de CULTURACTIVA, CIF: F15983067.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do Festiclown 2011.

CULTURACTIVA non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CULTURACTIVA, o Concello de Vigo e a dita entidade CULTURACTIVA conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a CULTURACTIVA pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao FESTICLOWN 2011.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 137.000,00 € (cento trinta e sete mil euros). Os ingresos previstos por CULTURACTIVA proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (120.000,00 €, 87,59 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de CULTURACTIVA (17.000,00 €, 12,41 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O FESTICLOWN 2011 realizarase entre os días 26 e 31 xullo de 2011 en diferentes espazos: Praza da Constitución, Rúa Príncipe, Porta do Sol, Barrio do Calvario, Praza do Mercado do Progreso, Praza de América, etc.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE CULTURACTIVA.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do FESTICLOWN 2011, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao FESTICLOWN 2011.
4. Responsabilizarse de cumprir con todos os requisitos e procedementos legais derivados da organización e realización das actividades (depósitos legais no material gráfico, ISBN en publicacións, contratos en regra do persoal que prestará servizos, subxección ao disposto en materia de riscos laborais, Lei de Protección de datos de carácter persoal, etc.).
5. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura estea ao día da información xerada por CULTURACTIVA en canto ao FESTICLOWN 2011.
7. CULTURACTIVA comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención a CULTURACTIVA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do FESTICLOWN 2011 e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a CULTURACTIVA é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do FESTICLOWN 2011; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

CULTURACTIVA adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do FESTICLOWN 2011; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre CULTURACTIVA, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

CULTURACTIVA asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do FESTICLOWN 2011. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias CULTURACTIVA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, CULTURACTIVA entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

CULTURACTIVA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

CULTURACTIVA tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

CULTURACTIVA facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do FESTICLOWN 2011 nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro

do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a CULTURACTIVA polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do FESTICLOWN, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega a conta, por importe máximo de 60.000,00 € trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural. O pagamento se realizará pola contía equivalente á xustificación presentada coas facturas orixinais.
- b) Unha segunda achega ao final do festival polo importe restante, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro de 2011.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- o Solicitud de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- o Facturas orixinais polo importe a xustificar.
- o Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do FESTICLOWN 2011, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
- c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por CULTURACTIVA para financiar a totalidade do FESTICLOWN: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampinado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampinado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao FESTICLOWN, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a CULTURACTIVA, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

CULTURACTIVA comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por CULTURACTIVA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 137.000,00 € e un orzamento estimado de gastos por importe de 137.000,00 €. No caso de producirse modificacións ao respecto CULTURACTIVA comunicará ao CONCELLO as modificacións, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A

alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2011.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CULTURACTIVA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTICLOWN 2011

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura do Concello de Vigo	120.000,00 €
Previsión de ingresos por venda de entradas	5.000,00 €
Venda de merchandaising	400,00 €
Cotas de inscrición cursos de formación	11.600,00 €

TOTAL 137.000,00 €

GASTOS PREVISTOS

Contratación programa artístico	51.100,00 €
Contratación programa formativo	29.500,00 €
Producción técnica	
12.150,00 €	
Loxística	
12.950,00 €	
Comunicación, difusión e prensa	5.300,00 €
Deseño programación	1.775,00 €
Xestión programación artística e formativa	11.200,00 €
Xestión e contratación programa social	1.975,00 €
Execución programación	4.400,00 €
Deseño gráfico	2.950,00 €
Mantemento e actualización páxina web	3.700,00 €

TOTAL 137.000,00 €

5(454).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L. QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FINANCIAMENTO DO FESTIVAL SINSAL 9. EXPTE. 13035/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa administrativa de Programación Cultural, do 16.03.11, conformado polo xefe do

departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado de Cultura, co informe do letrado asesor do 24.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 4.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“**PRIMEIRO.-** Outorgar unha subvención de 22.000,00 € (vinte e dous mil euros) a SINSALAUDIO S.L., CIF: B-36898369, para o financiamento do Festival SINSAL 9, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.02 “Convenio SINSALAUDIO Festival SINSAL”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se faculte ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSALAUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival SINSAL 9”.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E
SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO
FESTIVAL SINSAL 9**

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil dez.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Luis Campos Alonso, na súa calidade de administrador solidario da sociedade SINSALAUDIO S.L., CIF: B-36898369, e con enderezo na rúa Menéndez Pelayo nº34, 1º izda., 36211 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará SINSALAUDIO.

MANIFESTAN

Que SINSALAUDIO, tal e como establecen os seus estatutos é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais, así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos, culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

Que SINSALAUDIO ven organizando desde o ano 2003 anos o Festival SINSAL, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuitos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional.

Que a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interese público e social do Festival SINSAL, promovido por SINSALAUDIO, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.02 “Convenio SINSALAUDIO Festival SINSAL”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 22.000,00 €, a favor de SINSALAUDIO, CIF: B-36898369.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do Festival SINSAL 9.

SINSALAUDIO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade SINSALAUDIO, o Concello de Vigo e a dita entidade SINSALAUDIO conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a SINSALAUDIO pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao Festival SINSAL 9.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 58.500,00 € (cincuenta e oito mil cincocentos euros). Estes gastos son estimativos, xa que de momento só está pechada a programación do primeiro semestre. Os ingresos previstos por SINSALAUDIO S.L. proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (22.000,00 €, 37,61 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e venda de entradas (36.500,00 €, 62,39%).

SINSALAUDIO S.L. Comprométese a dar cumprida información ao departamento de Cultura sobre calquera modificación do orzamento de gastos e ingresos, así como do peche do programa definitivo en canto isto se produza.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Festival SINSAL 9 realizarase ao longo do ano 2011, estruturado en bloques segundo as catro estacións, e ten lugar nos seguintes espazos: Centro Cultural Novacaixagalicia, Museo de Arte Contemporánea MARCO e Auditorio do Concello de Vigo.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE SINSALAUDIO.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso se fose o caso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do Festival SINSAL 9, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao Festival SINSAL 9.
4. Comunicar as incorporacións ao programa que se vaian pechando ao longo do ano en canto se teña constancia e remitir toda a información co obxecto de difundila nos soportes municipais pertinentes.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6. Estar en comunicación cos responsables de mantemento da páxina web do departamento de Cultura facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura estea ao día da información xenerada por Noescafé Teatro en canto ao SINSAL 9.
7. SINSALAUDIO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención a SINSALAUDIO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do Festival SINSAL 9 e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a SINSALAUDIO é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do Festival SINSAL 9; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SINSALAUDIO deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

SINSALAUDIO adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do Festival SINSAL 9; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre SINSALAUDIO, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

SINSALAUDIO asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do Festival SINSAL 9. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias SINSALAUDIO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, SINSALAUDIO entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

SINSALAUDIO comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

SINSALAUDIO tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SINSALAUDIO facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa do festival SINSAL nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a SINSALAUDIO polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do Festival SINSAL 9, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega a conta, por importe máximo de 15.000,00 €, trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural. O pagamento se realizará pola contía equivalente á xustificación presentada coas facturas orixinais.
- b) Unha segunda achega a conta, tras a finalización do primeiro semestre da programación, por importe máximo de 5.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural. O pagamento se realizará pola contía equivalente á xustificación presentada coas facturas orixinais.
- c) Unha terceira achega, ao finalizar o festival, polo importe restante, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en todo caso antes do 30 de novembro de 2011.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

- Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- Facturas orixinais polo importe da xustificación presentada.
- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

Para a terceira achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do Festival SINSAL 9, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.
- c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por SINSALAUDIO para financiar a totalidade do Festival SINSAL 9: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandaising, etc.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampinado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampinado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao Festival SINSAL 9, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCÍONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSALAUDIO, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

SINSALAUDIO comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por SINSALAUDIO para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de cultura. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 55.916,67 € e un orzamento estimado de gastos por importe de 58.500,00 €. No caso de producirse modificacións ao respecto SINSALAUDIO comunicará ao CONCELLO as modificacións, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCÍONS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2011.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 9

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura do Concello de Vigo	22.000,00 €
Xunta de Galicia	5.500,00 €
MARCO	4.000,00
€	
Estrella Galicia	2.000,00 €

Venda de entradas (- SGAE)	22.416,67 €
TOTAL	55.916,67 €

GASTOS

Cachés	30.000,00 €
Hoteis	1.800,00 €
Dietas	1.500,00 €
Transportes	1.200,00 €
Producción técnica	12.000,00 €
Promoción	4.000,00 €
Producción artística	8.000,00 €
TOTAL	58.500,00 €

6(455).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR VICTORIANO MOLDES RUIBAL S.A. EXPTE. 3365/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, de data 6-04-2011, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Xerais, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Unha vez recibida a encomenda de xestión decretada polo Concelleiro de Xestión Municipal, e ratificada pola Xunta de Goberno Local, realizáronse varias actuacións encamiñadas a levar a bo termo a execución da sentenza de referencia e o estudio de tódalas alternativas posibles para o seu correcto cumprimento. Así, en primeiro lugar iniciouse o expediente encamiñado a determina-la cantidade obxecto do enriquecemento inxusto que obtivera a entidade Prazadouro,s.l., xa que era o fundamento xurídico da sentenza anulatoria, dando lugar ó acordo da XGL de 22 de novembro de 2010, a certificación literal do cal foi remitida á Sala correspondente do TSX de Galicia no que, con relación ó que interesa para a resolución do recurso plantexado, expresábase no seu apartado V:

“Es más, la Sentencia no reconoce el derecho suplicado por la recurrente para que se le respete el contrato suscrito con la anterior adjudicataria ni, la obligación *ya del Concello de Vigo ya de la nueva adjudicataria* de reintegrarle las cantidades abonadas por la adquisición de los locales ni, que las mismas fuesen destinadas a la ejecución parcial de obras ya ejecutadas ni cuantifica cantidad alguna. Lo que sí ha reconocido la Sala es “*su condición de interesado en que se imponga al adjudicatario la obligación de asumir el valor de toda la obra que se le entregó, pudiendo derivar de tal imposición un futuro resultado beneficioso para la ahora parte actora*” pero no realiza “*pronunciamiento alguno sobre el destino y específica atribución de la cantidad que debería abonar, ..., dependiendo la específica determinación de beneficiarios de una pluralidad de factores a considerar, entre los que desde luego **cabría incluir las***

consideraciones jurídicas vinculadas a los criterios que se sostengan en relación a las reclamaciones previas en la vía civil y la resultancia de los pronunciamientos de los órganos jurisdiccionales civiles”.

Es decir, que si ”VICTORIANO MOLDES RUIBAL S.A.” acreditase formalmente por medio de una resolución judicial firme que las cantidades satisfechas por la adquisición de los locales hubiesen sido destinadas realmente por INMIGA S.L., en la construcción del proyecto de aparcamiento y locales para usos terciarios bajo la denominada Plaza Elíptica **podrían ser reconocidos como créditos refaccionarios**, en el sentido de que el dinero invertido realmente en la obra ejecutada, **y gozarían de preferencia sobre determinados bienes inmuebles y derechos reales del deudor - INMIGA S.L.** - si, evidentemente, cumpliesen los requisitos establecidos en el artículo 1923. apartados 3 y 5 del C.C.. Para que ello fuese posible habría que esperar a la resolución definitiva y firme del expediente de liquidación de su contrato con el Concello y en el supuesto, **ficticio a todas luces dadas las causas de la resolución del contrato y los términos del mismo**, de que el resultado fuese favorable a INMIGA S.L., ésta incrementaría su patrimonio lo que acarrearía un mayor grado de solvencia para hacer frente a sus deudas que podría beneficiar a la recurrente en el cobro de sus créditos.”

e no IX:

“El día 20/10/2010 la entidad ”VICTORIANO MOLDES RUIBAL S.A.” presenta escrito por el que solicita del Concello la ejecución de la sentencia y que se le notificase cuantos actos administrativos a tal efecto se lleven a cabo por el Concello a los efectos legales procedentes, alegando su condición de interesado en los mismos **reiterando los argumentos ya expuestos en el recurso que no fueron reconocidos en la sentencia** que se ejecuta, razón por la que teniendo en cuenta única y exclusivamente los argumentos contenidos en el Fundamento de Derecho CUARTO de la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia de fecha 11 de noviembre de 2004, se les requirió

“ para que aporte título, documento o pronunciamiento de los órganos jurisdiccionales civiles que reconozcan su derecho de crédito ante el Concello de Vigo o su derecho para el cobro de la cantidad que correspondería a Inmiga SL y, en su caso, su condición de crédito preferente sobre el de los eventuales restantes acreedores de esta sociedad, toda vez que, tras un minucioso estudio de los autos del proceso contencioso administrativo 02/0006149/1998 no consta acreditado la existencia del mismo, más al contrario, podría desprenderse su inexistencia o incluso una posible actuación irregular en la administración de la sociedad en el pago de las cantidades derivadas del contrato celebrado con INMIGA, S.L.”

El fundamento del requerimiento efectuado es debido a que en la fase de ejecución de sentencia **“sólo pueden esgrimirse pretensiones que, por haber sido estimadas previamente en el proceso, resulten indiscutibles”** y, desde luego, en este expediente de reintegro a las arcas municipales del enriquecimiento injusto sentenciado, no puede reconocerse la condición de interesado en vía administrativa a la recurrente, por la sencilla razón de que ya es parte en el proceso y será la Sala quien le de traslado del acuerdo que se adopte ya que la ejecución de la sentencia la lleva a cabo la Administración bajo la vigilancia del Tribunal sentenciador.

En consecuencia con los antecedentes expuestos, procede la adopción del acuerdo para reintegro en las arcas municipales por PRAZADOURO,S.L. de la cantidad por la que se ha enriquecido injustamente por haber recibido obras ya ejecutadas de excavación y de estructura siendo necesario resolver dos cuestiones, la primera determinar la cantidad objeto del mismo y, la segunda, analizar su relación con el expediente de liquidación del contrato.

Respecto a la primera la cuestión **está definitivamente resuelta en los propios Autos** del proceso, máxime si tenemos en cuenta que en el escrito presentado por el Concello de Vigo a Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en Septiembre del 2009 en el que planteaba el incidente de ejecución, en el apartado AS ACTUACIONES DE EXECUCIÓN, la representación procesal del Concello de Vigo, tras un minucioso estudio de los informes de valoración de los servicios técnicos y de la Tesorería municipal,, se determina que “a adjudicataria Prazadouro, S.L. enriquecese na cantidade de **87.252.016 ptas ou 524.395,18 euros** como consecuencia da recepción gratuita das obras xa realizadas na Praza Elíptica”, cantidad que no sólo fue rebatida por ninguna de las partes procesales sino que incluso fue admitida por todos, con independencia de su destinatario, por lo que la misma no da lugar a duda alguna.

Con relación a la segunda, resulta evidente, indiscutible e indudable que el resultado de la liquidación del contrato de concesión con Prazadouro, S.L., determinará un saldo a su favor bastante considerable, ya que la inversión por ella realizada consistente en la redacción del proyecto de construcción y explotación de un aparcamiento y locales comerciales de usos terciarios en la denominada Plaza Elíptica y la Urbanización del PERI I-5 de la ciudad de Vigo, según la propia escritura pública de formalización del contrato concesional de 23 de junio de 1998 estaba previsto que fuese recuperada en el plazo de 99 años y el canon de la concesión por importe de 139.663.430 ptas., IVA incluido, fue íntegramente satisfecho por haber optado, conforme establecían los pliegos reguladores del concurso, por la ejecución de las obras de urbanización de la Plaza Elíptica. Por ello , en lugar de obtener el ingreso en las Arcas municipales de la suma de 524.395,18 euros, se disminuirá de la suma que corresponda en la liquidación definitiva del contrato de concesión.”

Neste mesmo Acordo expresábase no seu apartado VIII:

“Toda vez que la ejecución de la sentencia no admitía más demora y requería una urgente tramitación el concelleiro del área de Xestión Municipal dictó Resolución el 27/09/2010, ratificada por la Xunta de Gobierno Local de 4 de octubre de 2010, encomendando la misma al Xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Una vez recibida la documentación interesada a la Unidad de Patrimonio y a la Asesoría Jurídica del Concello, teniendo en cuenta:

* que el régimen jurídico aplicable al contrato, al no regular el PCAP el proceso de liquidación del contrato, es el previsto en la Cláusula XXV del mismo, es decir:

- Ley 7/1985 de 2 de abril Reguladora de las bases del régimen local
- Real-Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril por el que se aprueba el TRRL
- Real-Decreto 1372/1986 de 13 de junio por el que se aprueba el RBCL
- Real-Decreto 2/2000 de 16 de junio por el que se aprueba el TRLCAP

* que los efectos que produce la declaración de nulidad de los pliegos de condiciones reguladores del concurso, de su adjudicación a la entidad PRAZADOURO,S.L., y, del propio contrato de 23 de junio de 1998, conforme dispone el art 65 del TRLCAP, es la liquidación del mismo, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que se hubiesen recibido, y,

* que las sentencias deben de “cumplirse en la forma y términos que en éstas se consignent”,

las actuaciones a realizar por el Concello para la correcta ejecución de la sentencia consisten en la tramitación de los siguientes expedientes:

- El de reintegro en las arcas municipales por PRAZADOURO, S.L. de la cantidad por la que se ha enriquecido injustamente por haber recibido obras ya ejecutadas de excavación y de estructura.
- El de liquidación del contrato de concesión de 23 de junio de 1988
- El de contratación de nueva concesión administrativa de dominio público para la explotación del aparcamiento y los locales comerciales de usos terciarios en el subsuelo de la denominada Plaza Elíptica de la ciudad de Vigo”
- **O bien el que corresponda en el supuesto que se decida en el análisis y estudio del expediente de contratación la gestión del servicio por otro medio distinto a la concesión demanial,**

los cuales deben de ser tramitados de forma independiente pero simultáneamente, por cuanto al estar relacionados entre sí las medidas adoptadas en uno de ellos incidirían o condicionarían notoriamente en el contenido de los demás, piénsese en la incidencia del resultado del expediente de reintegro de cantidad con el de liquidación del contrato o en el de éste con el de contratación en la redacción de los pliegos de condiciones, en la selección del contratista o si bien éste se tramita como concesión de dominio público o como gestión de servicio público, la obra ya esta ejecutada, y, por lo tanto su régimen jurídico sería diferente, en uno la Ley de Contratos del Sector Público y en otro la Ley del Patrimonio de las Administraciones Públicas.”

Posteriormente iniciouse a tramitación do expediente de liquidación do contrato con Prazadoouro, S.L., que tramitouse paralelamente a solicitude formulada pola recurrente interesando ser parte en todos los expedientes relacionados coas actuacións do expediente de execución da sentenza que deron lugar a dous acordos da XGL da mesma data, o 23 de decembro de 2010, no que acordouse respecto a solicitude da recurrente:

“1.- Desestima-la solicitude presentada por Victoriano Moldes Ruibal, S.A., interesando se recoñeza a súa condición de interesado no expediente de execución de Sentenza dictada o día 11 de novembro de 2004, procedemento ordinario 6149/1998, Sentenza pola cal foron anulados os acordos recurridos, adoptados polo Concello de Vigo o 27 de xaneiro de 1998, de aprobación definitiva do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso público para a adxudicación en réxime de concesión administrativa de dominio público para a redacción de proxecto, construción e explotación dun aparcamento e locais de usos terciarios da denominada Praza Elíptica, e tamen de acordo do Concello de Vigo, de 29 de maio de 1998, de adxudicación de dita concesión á sociedade Prazadoouro, S.L.

2.- Recoñecer a D. Fernando Moldes López a súa condición de interesado no expediente de liquidación do contrato con Inmiga, S.L., ó cal se lle dará traslado dos documentos anteriormente mencionados ós efectos pertinentes.”

e na liquidación do contrato:

“PRIMERO .- Establecer el criterio mantenido por la Jurisprudencia en el marco de las concesiones administrativas y en la aplicación de la legislación expropiadora para la valoración en la tramitación del expediente de liquidación del contrato con la entidad PRAZADOURO S.L., de la indemnización que pudiera corresponderle a la misma por la anulación de la concesión otorgada por la Sentencia del Tribunal Superior de Xusticia de Galicia de 11 de noviembre de 2004.

SEGUNDO.- Iniciar el expediente de contratación para la concesión del dominio público para la explotación del aparcamiento y los locales comerciales de usos terciarios ubicados en el subsuelo de la denominada Plaza Elíptica de la ciudad de Vigo por el procedimiento del otorgamiento directo a

PRAZADOURO S.L., del artículo 93 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas (LPAP) por la existencia de las razones previstas en los artículos 137.4-i) de la LPAP y 117-d) del Decreto 3588/1964 de 5 de noviembre y resultar, sin duda alguna, la más aconsejable para los intereses patrimoniales del Concello.

TERCERO.- Admitir las sugerencias realizadas por PRAZADOURO S.L., para la redacción de los pliegos reguladores del otorgamiento de la concesión demanial respecto al plazo y al canon de la misma, introduciendo en los mismos la correspondiente cláusula por la que los futuros desfases económico financieros que pueda ocasionar el cumplimiento de la legislación tributaria serán asumidos por el Concello al no poder ser contemplados en el expediente de liquidación del contrato, sugiriendo a la entidad que recabe la correspondiente Consulta a la Administración Tributaria”.

CONTIDO DO RECURSO

Notificado o acordo a “VICTORIANO MOLDES RUIBAL,S.A.”, interpón recurso de reposición e no estudio do mesmo observouse que na notificación tan só daraselle traslado da parte dispositiva do mesmo, descoñecendo, por tanto, o seu fundamento, razón pola que se lle aportou copia debidamente dilixenciada do informe proposta que deu lugar ó mesmo outorgándolle un novo prazo para a interposición do recurso de reposición, o cal presentase o día 24 do mes en curso fundamentándoo nas seguintes alegacións:

I.- Que o acordo infrinxe radicalmente o contido do art. 31 da Lei 30/1992 xa que na súa condición de parte interesada no expediente concorren as circunstancias de todos e cada un dos supostos dos tres apartados do art. por ser quen promoveu o recurso contencioso, por ser titular de dereitos que poden ser afectados pola firma de contratos de compravenda de locais na Praza Elíptica coa anterior concesionaria, INMIGA, S.A., e que a única finalidade da denegación da súa condición e privarlle do puntual coñecemento dos acordos municipais que ó único que levan é a un total incumprimento da Sentenza o que pode dar lugar a responsabilidades incluso de índole penal ós funcionarios responsables do incumprimento do deber de acatar e dar debido cumprimento á sentenza ditada, polo que efectúan os oportunos apercibimentos.

II.- Aportan copia do escrito presentado perante o TSX de Galicia en contestación ó acordo municipal de 22 de novembro de 2010, o cal remítense interesando novamente o seu recoñecemento da condición de interesado en todo o actuado nos expedientes de execución da sentenza e no expediente de liquidación do contrato con INMIGA,S.A.

III.- Respecto ós motivos do informe proposta polo que non se considera que se tiña acreditado a condición de acredor de INMIGA SA e fronte ó Concello fan unha serie de consideracións respecto á compra dos locais, do presuposto da obra executada, entendendo que o crédito afecta á propia concesión administrativa, ó propio Concello e a quen resulte adxudicataria da concesión, xa que con quen contratou non foi con INMIGA S A, como persoa privada senón tamén e esencialmente na súa condición de concesionaria da Praza Eliptica, polo que os seus actos han de vincular dalgún xeito ó Concello, e soste que o crédito que ten non pode afectar ó Concello é unha decisión que ten que ser resolta polos xulgados e tribunais competentes, non o Concello.

Por tanto, ten que ser considerada como parte interesada nos expedientes que o Concello di estar tramitando, no de elaboración das bases do novo concurso coa finalidade de repercuti-lo seu crédito coa nova adxudicataria, e opóñense ó outorgamento por adxudicación directa, e se considerase que ningún dereito ten na nova concesión, se lle notifique para poder exercita-los seus dereitos polos cauces oportunos e se se lle recoñeceu interesado no expediente de liquidación do contrato con INMIGA,SA, se lle notifique todo o que se actuou e as futuras actuacións se sigan ata a súa total resolución.

Solicita se dite nova resolución revocando a recorrida e se lle teña como parte interesada no expediente de cumprimento da sentenza do TSX de Galicia.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A.- Como non é a primeira vez que nos seus escritos advirten, avisan ou ameazan coa posible responsabilidade penal dos funcionarios informantes do incumprimento do “deber de acatar e dar debido cumprimento á sentenza”, baste resaltar o manifestado polo recorrente no apartado III do recurso, xa que recoñece que **“soster que o crédito que ten non pode afectar ao Concello é unha decisión que ten que ser resolta polos xulgados e tribunais competentes, non ao Concello”**, xa que non existe dubida algunha da súa existencia coa entidade debedora, por ser recoñecido polos Tribunais, pero para que o Concello puidera ser responsable subsidiario do mesmo e poder ser así recoñecido, ten que existir unha resolución xudicial firme que manifeste claramente que **a cualificación do crédito é refaccionario**, e entón o Concello podería asumilo por ser o propietario da obra obxecto de concesión.

B.- Unha cousa é **a execución correcta da sentenza**, que recordemos que tan so se fundamenta a resolución pola existencia dun enriquecemento inxusto da concesionaria por recibir unha obra xa executada e non valorada nos pregos de condicións, e outra son **os efectos xurídicos que para o Concello de Vigo e para a adxudicataria produce dita sentenza** e os expedientes que deben tramitarse, non para a execución da mesma senón para solucionar os diferentes problemas xurídicos producidos pola en relación entre as partes, Concello e adxudicataria, e as terceiras persoas que ten vínculos contractuais para a explotación dos diferentes locais da concesión.

CONTESTACIÓN AS ALEGACIÓNS

A resolución recorrida baseábase non en interpretacións do art. 31 da Lei 30/1992, senón nos artigos da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladores do procedemento das execucións das sentenzas, e na Sentenza 148/1989 de 21 de setembro del Tribunal Constitucional, de obrigado cumprimento para a Administración Pública que di **“será la sala sentenciadora la que deba velar, tras el trámite incidental adecuado, oyendo a las partes y, en su caso, con práctica de la prueba, acerca del efectivo cumplimiento de la Sentencia, decidiendo lo que en Derecho proceda”**, e noutras do Tribunal Supremo e do propio TC non reflectidas pero do mesmo tenor atendendo ó disposto no art 117.3 da C.E., que establece que: **“ El ejercicio de la potestad jurisdiccional en todo tipo de procesos, juzgando y haciendo ejecutar lo juzgado corresponde exclusivamente a los Juzgados y Tribunales** determinados por las leyes...” . Feito non contestado nin rebatido pola recorrente, e ademais, dita interpretación é corroborada pola recorrente no seu escrito ó aportar copia do escrito presentado perante o TSX de Galicia opoñéndose ó acordo adoptado polo Concello no que lle pide todo o que esta a interesar ó Concello e por suposto o que a Sala decida será debidamente acordado e executado polo Concello, pero ata entón non pode admitirse a súa condición de interesado en expedientes que se estean a tramitar que non teñen nada que ver coa súa debedora INMIGA S.L., por non atoparse nos supostos previstos na lei 30/1992 e a sentenza que executábase **non lle outorga ningún dereito preferente ou lexitimación diferente que á de calquera terceiro**, polo que a mesma debe limitarse as actuacións que se derivan da execución da sentenza pero non ás outras que se realicen noutros expedientes administrativos, e, dende logo, “aprovechar este trámite” como din, para facer observacións sobre o destino da cantidade que se debe reintegrar é absolutamente improcedente, xa que a sentenza tampouco determinou a contía da mesma, e deberá ser fixada polos servizos técnicos municipais na liquidación do contrato con INMIGA. SL, no que teranse en conta tódolos conceptos existentes, incluídos os gastos asumidos polo Concello pola resolución do contrato, ademais dos custos das obras, e, tendo en conta que a resolución do contrato foi debida a un incumprimento grave do contratista.

Entende quen subscribe que a actuación do Concello axústase a dereito e incluso se lle dá ó recorrente información de actuacións que exceden da súa obriga conforme a lexislación vixente, como son as expostas nos antecedentes deste escrito, e cabe dicir que o Concello tramita os expedientes de forma

simultanea pola incidencia que teñen as decisións que se adopten nos mesmos, pero non pode estenderse o debate xurídico existente na fase procesal da execución da sentenza ás actuacións que exceden do seu contido, xa que de ser así, estaríase obtendo un pronunciamento xudicial sobre materias que non foron valoradas nin no contencioso plantexado nin na sentenza que se executa, o cal constituiría un evidente suposto de fraude procesal.

En consecuencia vistos os preceptos legais contidos no informe e os artigos da Lei 30/1992, reguladores do recurso de reposición, e demais de xeral aplicación, se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

“ Desestimar o Recurso de reposición presentado por “VICTORIANO MOLDES RUIBAL,S.A.” contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2010 polo que se desestimaba a solicitude presentada por Victoriano Moldes Ruibal, S.A., interesando se recoñeza a súa condición de interesado no expediente de execución de Sentenza dictada o día 11 de novembro de 2004, procedemento ordinario 6149/1998, Sentenza pola cal foron anulados os acordos recorridos, adoptados polo Concello de Vigo o 27 de xaneiro de 1998, de aprobación definitiva do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares reguladoras do concurso público para a adxudicación en réxime de concesión administrativa de dominio público para a redacción de proxecto, construción e explotación dun aparcamento e locais de usos terciarios da denominada Praza Elíptica, e tamén de acordo do Concello de Vigo, de 29 de maio de 1998, de adxudicación de dita concesión á sociedade Prazadouro, S.L., e se lle recoñecía a súa condición de interesado no expediente de liquidación do contrato con Inmiga, S.L., por carecer de fundamento as alegacións presentadas e non ser desvirtuados os razoamentos xurídicos tidos en conta para a adopción do mesmo”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba o acordo que precede.

7(456).- REVISIÓN CANTIDADE DE EQUILIBRIO DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO NA VIA PÚBLICA. EXPTE. 19141/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnico de Admón. Expecial, de data 4-03-2011, conformado pola concelleira de Contratación, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización de data 4.04.2011, conformado polo Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión da cantidade de equilibrio da concesión da Xestión do servizo público de Estacionamento Regulado mediante expendedores de tiques na vía pública (XER), adxudicado a empresa Dornier S.A., na Xunta de Goberno local de 23 de maio de 2007, fixando dita cantidade a partir do 1 de xullo de 2008 na cantidade de 2.148.555,13 euros.

8(457).- ABONO DE CUOTAS COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA ANDURIÑA,27. EXPTE. 19108/240.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnico de Admón. Expecial, de data 15-02-2011, conformado polo concelleiro de Patrimonio, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización de data 1.04.2011, conformado polo Interventor Xeral na mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña, nº 27 , en concepto de cotas de Comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade de catro vivendas en dito inmovible, correspondentes o período xaneiro de 2010 a decembro de 2011, a cantidade de 1.780 euros.

9(458).- ECOMENDA A UNGRIA PATENTES Y MARCAS, S.A. PARA PRESENTAR OPOSICIÓN Á MARCA COMUNITARIA. EXPTE. 3595/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, de data 25-03-2011, conformado pola concelleira de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Encomendar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a oposición á solicitude de Marca Comunitaria nº 8.770.182/UE, por semellanza coa Marca nº 2.271.710 “MARCO”, a nome do Excmo. Concello de Vigo, en clases 16 e 41. O custe da preparación, redacción e presentación do escrito será de 1.534 euros (Ive incluído).”

10(459).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS NO CONTORNO DO PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 10404/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, de data 4-04-2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA EXECUCIÓN DE OBRAS NO CONTORNO DO PAVILLÓN DE COIA, redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Corrochano Casares, que ten un orzamento base de licitación de 49.694,11 € (corenta e nove mil seiscientos noventa e catro euros con once céntimos)”.

11(460).- AUTORIZAR Á ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DO COLEXIO JAVIER SENSAT, O EVENTO DEPORTIVO “III CARREIRA EN FAMILIA”, PARA O VINDEIRO 30.04.2011. EXPTE. 10334/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, de data 1-04-2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a Asociación de pais e nais do colexio Javier Sensat, a levar a cabo o evento deportivo denominado “III CARREIRA EN FAMILIA” o vindeiro sábado 30 de abril de 2011, o percorrido da carreira será pola Avda. Atlántida dende o cruce coa rúa Castaña ata o cruce da rúa Castañal, comezando ás 10.30horas e rematando ás 13.00 horas ”

12(461).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADES DE EQUIPO DE ELITE DA CATEGORÍA FEV FEMININO DE VOLEIBOL TEMPADA 2010-2011. EXPTE. 10317/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, de data 14-02-2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, co informe do letrado asesor do 23.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 30.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis para o proxecto de actividades do equipo de elite da entidade da categoría FEV Feminina de Voleibol pola actividade na tempada 2010/2011.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 27.000,00 €. a favor da entidade: Club Deportivo Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 con enderezo social na rúa Núñez de Balboa en Vigo, e numero de conta corrente: 2091.0567.78.3040004268. Este crédito e con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO EQUIPO DE ELITE DA ENTIDADE NA TEMPADA 2010-2011.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil once.

REUNIDOS

Dunha parte, don Xabier Alonso Pérez na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Deportes do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, dona Ruth Calvo Ferrer como presidenta da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis CIF nº G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez de Balboa, 12, 3º Dcha. en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 10317-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis conta cun equipo de elite que participa na categoría FEV Feminina de Voleibol, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social e mediática do deporte.

A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis desenvolve o proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2010/2011.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- ◆ Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xoves teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- 5. Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- ◆ Consegur que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- ◆ A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.11 , prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 27.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto do equipo de elite da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis na tempada 2010/2011.

V.- Que a entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 10317-333.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis , o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva Club Deportivo Xuvenil de Teis conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

2º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

3º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

4º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.

5º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipo de elite na cidade de Vigo.

(5) 2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis , (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Deportivo Xuvenil de Teis unha subvención por importe de 27.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.11 do orzamento en vigor co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado do equipo de elite da entidade na tempada deportiva 2010/2011.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de

Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de elite da entidade, na carteleira e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca a totalidade da tempada deportiva do equipo de elite na tempada 2010-2011, entre os 45 días naturais previos ó inicio da competición oficial e os 30 días posteriores á finalización da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2011.

13(462).- APROBACIÓN DA ACTA DE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PISCINA CUBERTA NA PRZA. CENTRAL DO POLÍGONO 1 DO PERI II-12 A. FLORIDA B. EXPTE. 10410/333.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, de data 4-04-2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a acta de recepción das obras de construción da piscina cuberta na praza central do polígono 1 do PERI II-12. a florida b.

Segundo: Dar conta da recepción das obras vinculadas a este expediente os diversos servizos municipais, para atender as necesidades de mantemento e control dos diversos equipamentos e instalacións que derivados da construción sexan de responsabilidade municipal.

14(463).- PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTÍL E PRIMARIA DE VIGO, PARA O ANO 2011. EXPTE. 12569/332.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Educación, de data 3-03-2011, conformado pola concelleira de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.-Aprobar o *Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2011 (Programa Autoxestión 2011)*, que se achega no expediente.

2.-Aprobar as modificación puntuais de determinados aspectos da *Guía técnica de mantemento para os centros escolares públicos*, do seguinte xeito:

Onde	Texto actual	Texto proposto
1. Aspectos xerais. Limitación económica (páx. 10)	Non se poderán realizar, con cargo ao Programa Autoxestión, obras e actuacións (agás no caso de autorización expresa da UTSE) cun importe que supere os 1.000 euros	Non se poderán realizar, con cargo ao Programa Autoxestión, obras e actuacións (agás no caso de autorización expresa da UTSE) cun importe que supere os 500 euros
ED.9.3 Pequenas reparacións, reposición de elementos (pax.41)	En caso de ter que substituír algunha tubaxe (ou tramo) da rede de subministro de auga, deberase ter en conta que non se poden mesturar ...	En caso de ter que substituír algunha tubaxe (ou tramo) da rede de subministro de auga, deberase avisar á UTSE

3.-Aprobar a disposición do financiamento para a posta en marcha do Programa Autoxestión 2011, destinando para tal fin a cantidade de 221.135,44 euros, da partida 4220 2120000 “Reparacións e mantemento edificios colexios” do orzamento municipal vixente.

15(464).- APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON, PRESENTADA POLA ENTIDADE AQUALIA, CORRESPONDENTE O PERÍODO XULLO-OUTUBRO 2010. EXPTE. 42/141.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Investimentos, de data 1-04-2011, conformado pola concelleira de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Xullo – Outubro de 2010 por un importe de 378.735,90€ que corresponde a un volume de facturación 12.624.530m3.
- 2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata xuño 2010 por un importe de 3.613,47€
- 3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

16(465).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TOCA Y SALGADO S.L., POLO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS NO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 2932/252.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo, de data 16-03-2011, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, e co informe do Interventor Xeral do 29.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.-Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo no mes de xaneiro do 2011 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.
- 2.-Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 13.077,29 euros, Ive engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada no mes de xaneiro do 2011.
- 3.-Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620.2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

17(466).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TOCA Y SALGADO S.L., POLO SERVIZO DE XESTIÓN DOS RESIDUOS VOLUMINOSOS NO MES DE FEBREIRO 2011. EXPTE. 2967/252.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo, de data 16-03-2011, conformado pola concelleira delegada de Limpeza, e co informe do Interventor Xeral do 29.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.-Aprobar a indemnización substitutiva pola prestación efectiva do servizo de xestión dos residuos voluminosos (Ler 200307) da cidade de Vigo no mes de febreiro do 2011 por parte da Mercantil TOCA Y SALGADO S.L.
- 2.-Recoñecer a obriga económica a favor da referida empresa polo importe de 14.062,9 euros, Ive engadido, en concepto de resarcimento pola prestación realizada no mes de febreiro do 2011.
- 3.-Imputar o gasto ao crédito existente na partida 1620..2270017 do vixente Orzamento de Gastos.

18(467).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE MARZO 2011. EXPTE. 7618/306.

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo de Medio Ambiente no mes de marzo 2011, segundo informe da xefa do servizo de data 5.04.2011,

EXPTE.: 7618/ 306 - CONTRATOS MENORES - Marzo 2011							
Expte	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7585/ 306	1720.226.01.00	CMSUB	Adquisición de dous recordos da concellería á familia Veiga pola súa implicación na protección medio ambiente	Danela SL	28/ 02/ 2011	07/ 03/ 2011	2.200,00 €
7575/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Programa medioambiental para 600 participantes os días 1, 8 e 15 de maio "Os recunchos das illas"	Rubén Martínez Novo	23/ 02/ 2011	01/ 03/ 2011	7.387,20 €
7664/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Deseño, maquetación e confección Guía da Natureza e das Illas, guía miradoiros e fichas das rutas ambientais	Francisco Valero Ibarra	14/ 03/ 2011	23/ 03/ 2011	20.697,20 €
7687/ 306	1720.227.99.05	CMSER	Impresión da Guía da Natureza e das Illas Cíes, guía de miradoiros e fichas das rutas ambientais do Concello	Gestión y Tratamiento Imagen Atlántico SL	23/ 03/ 2011	01/ 04/ 2011	21.151,50 €
7576/ 306	1720.227.99.08	CMSER	Programa medioambiental para nenos. Multitarea na praia de O Vao para os días 7 e 14 de maio	Rubén Martínez Novo	23/ 02/ 2011	02/ 03/ 2011	17.539,20 €
7582/ 306	1720.227.99.08	CMSER	Reportaxe fotográfica nas actividades desenvolvidas no programa "Camiño a Camiño" e "Vigo nas Cíes"	Paulino Rodríguez Villar	28/ 02/ 2011	01/ 03/ 2011	5.192,00 €
7623/ 306	1720.227.99.08	CMSER	Xestión de actividades medioambientais do "Camiño a Camiño": Serra do Suido e Covas do Rei Cintolo	Xoma Inicativas Sociais SL	04/ 03/ 2011	16/ 03/ 2011	18.880,00 €
7663/ 306	1720.227.99.08	CMSER	Deseño e supervisión das rutas de fin de semana para o programa "Camiño a Camiño"	Carlos Vales Porto	14/ 03/ 2011	23/ 03/ 2011	1.103,00 €
7568/ 306	1720.610.00.00	CMOBR	Elaboración do proxecto técnico para o acondicionamento de humidais en A Bouza	Visercons, SLU	28/ 02/ 2011	21/ 03/ 2011	4.968,13 €
7580/ 306	1720.610.00.00	CMSER	Dirección e supervisión das tarefas de rexeneración e conservación dos brañais de Barreiros e Muíños	Novocontorno, SL	28/ 02/ 2011	21/ 03/ 2011	4.677,52 €
7541/ 306	1720.610.00.00	CMSER	Instalación de novas tubaxes e lago no humidal de Coia	Visercons, SLU	14/ 03/ 2011	21/ 03/ 2011	8.206,00 €
7581/ 306	1720.610.00.00	CMSER	Acondicionamento, limpeza e replantado de árbores nos humidais do Concello	Varios	28/ 02/ 2011	21/ 03/ 2011	12.124,43 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

19(468).- CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS VEXETAIS POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE QUE CONTÉN OS PREGOS DE CONDICIÓN. EXPTE. 5891/446.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo de Parques e Xardíns, de data 31-03-2011, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 17.03.2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro de data 30.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 60.000 euros para a contratación do subministro de elementos vexetais que se imputará á partida 1710.210.00.04 e a súa bolsa de vinculación quedando manifesto que o seu emprego non afecta ao normal funcionamento do servizo.

2º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración de elementos vexetais que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 14-03-2011 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros por procedemento negociado sen publicidade de data 15-03-2011.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

20(469).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO”, PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DUN/DUNHA INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 5158/320

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá, de data 15-03-2011, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, co informe do letrado asesor do 22.03.2011, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro de data 30.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para a prestación dos servizos dun/dunha intérprete de lingua de signos.

2.- Autorizar o gasto de 6000 € con cargo á partida 9240.4890008 “Convenio Asociación de Personas Sordas de Vigo”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2011.

3.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”

En Vigo, ----- de----- de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra D. Miguel Ángel González Lloves (DNI: 36024981-N), en calidade de Presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G -36622835, e domicilio en Rúa Romil, 22-24 Baixo, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 5158-320

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo (ASV)”, conforme o establecido nos seus estatutos réxese, entre outros, polos seguintes principios:

- ◆ Respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados á vez que neutralidade e non vinculación a ningunha ideoloxía.
- ◆ Transversalidade en todas as súas actuacións, tendo en conta a diversidade das persoas xordas ás que dirixe as súas actuacións e as súas necesidades específicas.
- ◆ Participación igualitaria entre homes e mulleres nos procesos de toma de decisións.
- ◆ Autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas.
- ◆ Adhesión aos principios proclamados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención dos Dereitos da Infancia, nas Declaración e Convencións sobre Dereitos Lingüísticos e nos Convenios, Recomendacións e demais normas que deles derivan.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos. Co fin de cooperar para que este obxectivo sexa unha realidade, o Concello de Vigo leva anos colaborando con esta entidade mediante a firma de convenios, outorgamento de subvencións, así como coa cesión polo prazo de 25 anos do dereito de uso do local de propiedade municipal sito na planta baixa do edificio núm. 22-24 da rúa Romil desta cidade.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para suplir as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público coma económico, e considerando que a ASV é a principal representante deste colectivo, considerase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación e Atención Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar , por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa aos discapacitados auditivos.

III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 9240.4890008 “Convenio Asoc. Xordos” prevé nominativamente a concesión dunha subvencións por importe de 6.000,00 € a favor da ASV.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento e posta a disposición do colectivo de xordos dun profesional intérprete da lingua de signos, tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, coma, aqueles requiridos pola Área de Promoción Económica Emprego e Participación Cidadá e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

V.- Que a entidade ASV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 5158-320.

VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “ASV”, o Concello de Vigo e a devandita “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.

Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social respecto do persoal dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao mencionado persoal.

Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”. Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, sobre todo en canto ao horario se refire.

Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación e Atención Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

O servizo será totalmente gratuíto.

Facilitar a inspección, control, etc., de persoal técnico da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Presentar ao Concello no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio, informes do desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo, no que se incluíra unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente o financiamento da concellaría de Participación Cidadá e respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- (6) Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.
- (7) Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 6.000,00 € co obxecto de coadxuvar ao financiamento dun profesional intérprete da lingua de signos.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a mesma actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa ASV.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logo do Servizo de Participación Cidadá en todo o material divulgativo que se publique ao respecto.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- Liquidación Final: A entidade beneficiaria entregará no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

As contas xustificativas conterán, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Solicitud de liquidación final.
- Memoria descriptiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:
 6. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
 7. Datas e lugar de celebración
 8. Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida
 9. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono
 10. Actuacións realizadas
 11. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada
- Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Facturas ou documentos xustificativos orixinais (*posible devolución conforme ao apartado d.1*)), polo importe total da subvención outorgada.
 4. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.
 - d.2) Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa.

Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.d 1496/2003) , considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
 - d.3) Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse as nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.

Igualmente deberá xustificarse a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), e iso aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención a xustificar.

d.4) As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo Primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2011.

Décimo Segundo.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ----- de-----de 2011.

ANEXO 1

A “Asociación de Personas Sordas de Vigo” achega unha pequena memoria dos servizos prestados polos intérpretes da Lingua de Signos no ano 2010, polos que solicitan formalizar un convenio de colaboración para poder seguir prestando estes servizos ao longo do ano 2011.

Así mesmo, presentan a seguinte estimación anual de gastos:

TÁBOA SALARIAL 2011 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA XORNADA COMPLETA	
GRUPO DE COTIZACIÓN	5
SALARIO BASE	865,13 €
PARTE PROPORCIONAL PAGAS EXTRAS	288,38 €
SALARIO BRUTO	1.153,31 €
BASE DE COTIZACIÓN	1.153,31 €
CONTINXENCIAS COMÚNS	272,23 €
FOGASA, ETC.	86,51 €
CNAE	19,03 €

SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA	377,78 €
COSTE ASOCIACIÓN/MES	1.531,29 €
INDEMNIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL	307,60 €
COSTE AÑO CON INDEMNIZACIÓN	18.375,45 €
SALARIO BRUTO ANUAL	18.683,06 €
SEGURIDAD SOCIAL ANUAL	4.363,80 €
CUSTES SALARIAIS TOTAIS	18.683,06 €

Os custes reais do/a intérprete da lingua de signos, durante un ano a media xornada, será para a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” de 9.341,53 €.

O custe imputable ao Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2011, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 6.000 €.

21(470).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TAELO, S. SOOP., POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL E O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, CORRESPONDENTE AO PERÍODO DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2011. EXPTE. 34625/212.

Inclúese por erro na orde do día, xa que foi aprobado na Xunta de Goberno Local do 25.03.2011 co nº 13 da orde do día.

22(471).- AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DO GASTO POLA MEDIA DIETA DE MANUTENCIÓN A FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34626/212.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 24.03.2011, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, e co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización do 29.03.2011, conformado polo Interventor Xeral en data 30.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º Autorizar e comprometer o gasto de 35.094,9 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2302001 (axudas custo policía escola gal Seguridade) en concepto de media dieta de manutención polos 131 días que teñen que permanecer na Academia Galega de Seguridade Pública, sita no Concello da Estrada, desenvolvendo o preceptivo curso básico de capacitación para o ingreso na categoría de Policía, os 19 funcionarios de policía nomeados en prácticas, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de febreiro de 2011 e que se enumeran como Anexo.

2º O abono farase previa xustificación pola AGSP da asistencia diaria ás clases.

ANEXO

NOME E APELIDOS FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS	D.NI.
González Acea Abraham	36.152.221-Q
Moral Soto Enrique	36.156.945-W
Martínez Muñiz Miguel Ángel	76.999.016-F
Domínguez Veiga Adrián	36.153.699-E
Castro Costas Juan Manuel	36.165.447-V
Varela Vila Javier	53.190.827-S
González Martínez Alberto	36.151.454-P
Cuesta Aiachi José	45.281.965-W
Chorén Pérez Jacobo	53.173.121-L
Villar Da Vila Emilio José	36.130.456-D
Sánchez Comesaña Gustavo	20.184.137-G
Gil Fernández José Rubén	53.171.868-P
Varela Estévez José Manuel	36.130.542-A
Del Bosque Rodríguez José Manuel	53.179.736-X
Comesaña Rosende Jorge Enrique	36.162.713-C
Pérez Diz Juan Pablo	53.170.470-J
Silva Blanco José	35.472.747-P
Prieto Miranda Enmanuela	77.004.668-R
Sangiao Filgueira Sergio	36.136.889-W

23(472).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROGRAMA DE AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE. EXPTE. 864/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, de data 6-04-2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para o soterramento de liñas eléctricas nas rúas que a continuación se indican:

Entorno Casás Matamá - Pazós Comesaña.

Rúa Troncoso.

Rúa Brasil.

Rúa Colombia.

Rúa Aragón.

Rúa Ramón Nieto.

Rúa Toledo.

Subida o CUVI - Beade.

Rúa Severino Cobas.

Entorno do Castro (Castro-Atalaya, Amor Ruibal, Curros Enriquez e Feliciano Rolan).

Entorno Barrio Coia (Quintela, Barciela, Nuñez de Balboa, Camiño Chouzo, Camiño Raposa e Camiño Esturáns)

24(473).- MEMORIA VALORADA PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NO CAMIÑO GARABULLA (BEMBRIVE)”. EXPTE. 858/440.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo administrativo e control presupostario da área de Servizos Xerais, de data 6-04-2011, conformado polo xefe da área e pola concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Que se aprobe a memoria valorada para executa-las obras de “Renovación da rede de abastecemento no camiño Garabulla (Bembrive)”, por un importe de 29.415,32 € (IVE EXCLUÍDO).

2º.- Que se adxudique a execución de ditas obras a “Aqualia ”, empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 29.415,32 € (IVE EXCLUÍDO) e con cargo ao saldo da “Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo, segundo informe do xefe de servizo de investimentos de data 4 de abril”

25(474).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO XGL DO 28.01.2011, QUE DESESTIMA A SOLICITUDE DE DISPENSA Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DA CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES NA UA 1 TOMADA. EXPTE. 4983/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, de data 18.03.2011, conformado polo xefe da oficina de Planeamento-Xestión, e coa certificación do Consello da Xerencia de Urbanismo do 7.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMERO.- Inadmitir por extemporáneo o recurso de reposición presentado por D. Juan Álvarez Rial actuando en representación da Xunta de Compensación da U.A. 1 TOMADA, o día 14.03.2011 no Rexistro xeral da XMU (doc.110031744), fronte o acordo da XGL de día 28.01.2011 (notificado o 11.02.2011) desestimativo da solicitude de dispensa de conservación de zonas verdes do ámbito presentada con data 10.01.2011 no Rexistro xeral da XMU (doc.110002198) .

SEGUNDO.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo non cabe ningún outro recurso administrativo, agás o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRXAP-PAC, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen procedentes.

26(475).- PROXECTO DE ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO ÁMBITO DE PLANEMANETO “APR A-4-05 HISPANIDADE”. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 5003/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, de data 18.03.2011, conformado polo xefe da oficina de Planeamento-Xestión, e coa certificación do Consello da Xerencia de Urbanismo do 7.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada APR A-4-05 HISPANIDADE do PXOM de Vigo, de acordo coa documentación presentada polos representantes legais das mercantís “Viqueira Inmuebles, S.A.” e “Intermobiliaria, S.A.” e cos informes técnicos que constan no Exp. nº 5003/401 da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU.

SEGUNDO: Dispoñer a apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no BOP de Pontevedra e nun xornal dos de maior difusión da provincia, con notificación simultánea e individualizada do contido íntegro deste acordo ós propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no ámbito, para que poidan formular as alegacións que estimen oportunas e, de ser o caso, soliciten a súa incorporación ó proceso.

TERCEIRO: Por tratarse dun simple acto de trámite, este acordo non é susceptible de recurso autónomo ou separado en vía administrativa ou contenciosa (Art. 107.1 pfo. 2 L.30/1992), sen prexuízo de que os interesados poidan alegar a súa oposición para os efectos da posterior consideración na resolución que poña fin a este procedemento.

CUARTO: Dar traslado deste acordo á xefatura dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo, para que se emita o informe que proceda en relación coa incidencia da execución da “APR A-4-05 HISPANIDADE” nas infraestruturas».

27(476).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DAS BASES E ESTATUTOS DA XUNTA DE COMPENSACIÓN “APR A-4-76 SEARA”. EXPTE. 4934/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, de data 30.03.2011, conformado polo xefe da oficina de Planeamento-Xestión, e coa certificación do Consello da Xerencia de Urbanismo do 7.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

- PRIMEIRO:** Tomar coñecemento, para os efectos oportunos e no sentido indicado no informe do adxunto ó Director da Oficina de Planeamento – Xestión transcrito na parte expositiva deste acordo, das alegacións presentadas por D^a Rosa Mouriño Iglesias, D. Julio Vergara Rodríguez, D^a Concepción Martínez Fernández, D. Joaquín Fernández Davila, D^a Mercedes Quiroga García e D. Baltasar Méndez.
- SEGUNDO:** Estimar, nos termos indicados no precitado informe, as alegacións de D. Nazario Fernández García (CC.PP. López Mora nº 60) e de D. Manuel Antonio Montero David (exclusivamente no relativo ó proindiviso da parcela nº 26 C).
- TERCEIRO:** Desestimar, con base nos informes técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento – Xestión da Xerencia de Urbanismo, as alegacións formuladas por D. Juan González-Carpintero Díaz (Anca, S.L.), D. Eugenio Fernández Vila, D. Alfredo Lagos Silva (agás no tocante á consideración como interesados dos propietarios da parcela nº 7, á corrección da superficie da parcela nº 9 e á declaración como descoñecida da propiedade da nº 6), D. Manuel Bello Montero e D^a M^a Hayda Rodríguez Eichhorn, D. José Antonio Sanmamed Rúa, D. José Fouce Lamas (e outros), D. Juan González-Carpintero (e outros), D. Juan Rodríguez Larrán, D. Antonio Román Martínez Fernández (agás no tocante á comprobación da propiedade da parcela nº 15), D. José Antonio Quiroga Quiroga e D^a M^a José Abraldes Carrera.
- CUARTO:** Aprobar definitivamente o Proxecto de Estatutos e Bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación do ámbito de planeamento remitido con ordenación detallada «APR A-4-76 SEARA» do PXOM de Vigo, presentado polos representantes legais das mercantís “VialPark, S.L.”, “Gestiones Urbanísticas y de Negocios, S.L.”, “Servicios Marsero Galicia, S.L.” e “Bouza Alta, S.L.”, que representan, xunto cos terreos propiedade do Concello de Vigo, máis do 50% da superficie do polígono.
- QUINTO:** Requiren ós promotores da actuación para que se constituán en Xunta de Compensación mediante escritura pública no prazo máximo dun mes desde a adopción do presente acordo. Achegarán copia autorizada da mesma e das adhesións que, de ser o caso, se produzan para a súa aprobación e posterior remisión á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI (Xunta de Galicia) para os efectos da inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.
- SEXTO:** Requiren a todos aqueles propietarios afectados que non solicitasen a súa incorporación á Xunta de Compensación para que así o efectúen, se o desexan, no prazo dun mes contado desde a recepción da presente notificación, advertíndolles que, en caso contrario, poderán ser expropiados os seus bens e dereitos pola Administración actuante en favor da Xunta de Compensación,

que actuaría como beneficiaria, ou ben ocupados os seus predios para posibilitar a execución das obras de urbanización previstas.

SÉTIMO: Designar como representante municipal no órgano reitor da Xunta de Compensación ó Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, D. José Manuel Mariño Mendoza.

OITAVO: Publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra e notificalo individualizadamente a todos os alegantes, propietarios e titulares de dereitos de contido patrimonial no polígono, coa indicación de que contra o mesmo caberá interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses; contados desde o día seguinte ó da súa notificación».

28(477).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DE OBRAS DE URBANIZACIÓN”PERI II-05 ROCÍO”. EXPTE. 4956/401.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 17.03.2011, conformado pola Xerente de Urbanismo, e coa certificación do Consello da Xerencia de Urbanismo do 7.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Recibir a totalidade das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do PERI II – 05 ROCÍO, formulado pola Xunta de Compensación, redactado polo arquitecto Sr. Cominges Molíns e o enxeñeiro de CC.CC. e PP. Sr. Roberes de Cominges e aprobado pola Xunta de Goberno Local o 23.05.2005 (Exp. nº 4487/401).

SEGUNDO: Dar traslado do acordo de recepción á Xunta de Compensación do PERI II – 05 ROCÍO, con indicación dos recursos que procedan, ó Servizo de Licenzas de obras e Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Servizos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio, Estatística, Mobilidade, Transporte e Seguridade e OSPIO, así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."

TERCEIRO: Dar tamén traslado deste acordo á Entidade Urbanística de Conservación do PERI II – 05 ROCÍO, que será quen deba asumir a conservación da urbanización nos termos resultantes do seus Estatutos e dos acordos municipais adoptados ó respecto».

29(478).- APROBACIÓN ANEXO I DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE “MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 62745/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do enxeñeiro de Vías e Obras, de data 6.04.2011, conformado pola concelleira delegada de área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o Anexo I ao Plan de Seguridade e Saúde das obras de “Mantemento e Conservación das Infraestruturas Viarias do Concello de Vigo”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de novembro de 2011.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

30(479).- ADXUDICACIÓN Á POLICIA LOCAL PARA A VIXILANCIA E CONTROL DO TRÁFICO DA CIDADE, VEHÍCULOS QUE SE ATOPAN NO DEPOSITO MUNICIPAL DA AVDA. DE MADRID. EXPTE. 80012/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, de data 6.04.2011, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

-ADXUDICAR Á POLICÍA LOCAL para a vixilancia e control do tráfico da cidade os seguintes vehículos que se atopan no deposito de vehículos sito na Avda. de Madrid , en substitución da súa entrega ao centro autorizado para a súa destrución :

AUDI A4 TDI	8035 BKN
VOLKSWAGEN GOLF	PO-1169-AN
CITROEN ZX 1.4	M-3213-SF
FIAT SCUDO COMBI	M-0012-ZN
KIA PICANTO	2462 FDR
AUDI A3	E0210

-Realizar os tramites necesarios ante a Xefatura Provincial de trafico para o cambio de titularidade dos citados vehículos a nome do Concello de Vigo .

31(480).- MODIFICADO Nº 1 DA INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, NAS RÚAS PÍ Y MARGALL (ENTRE PASEO DE ALFONSO XII E CHILE). EXPTE. 875/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais. de data 8.04.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 da Instalación da Rede separativa de pluviais, nas Rúas Pí y Margall (Entre Paseo de Alfonso XII e Chile), por importe adicional líquido de 28.846 Euros, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificados no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 16 de marzo de 2011.

32(481).- MODIFICADO Nº 1 DA OBRA “PASARELA ECOLÓXICA NO BORDE LITORAL DENDE A GUIA ATA A ROTEA”. EXPTE. 8016/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe da área de Promoción Económica e Emprego, de data 8.04.2011, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 5.04.2011, e co informe do técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 7.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobación do Proxecto Modificado Nº 1 da obra “Pasarela Ecolóxica no borde litoral dende A Guia ata A Rotea” , cun aumento no orzamento de 50.680,09 € (IVE incluído).

33(482).- PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE´INSTALACIÓNS AUDIOVISUAIS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4026/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, de data 8.04.2011, conformado polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o proxecto modificado das obras de instalacións audiovisuais do Auditorio Municipal do Concello de Vigo (expte. 3774/335), redactado polos arquitectos municipais

David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás” e asinado por D. José María Pérez Bendaña, representante de TECESA, S.L.U., sen incremento orzamentario”.

34(483).- APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5251/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do asesor en materia de Mercados, de data 11.04.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Comercio, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 7.04.2011, e co informe do técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 8.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 5248/551 para a contratación da Dirección da execución da obra e coordinación de seguridade e saúde na fase de execución do PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO

2º.- Aprobar o gasto de 70.682,00 € euros para a execución da Dirección da execución da obra e coordinación de seguridade e saúde na fase de execución do PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO, que se imputarán á partida 4310.6320001 “Inv. Moder. Mercado Progreso”, e elo de conformidade coas seguintes previsións:

8. 30.000,00 € correspondentes a partida do ano 2.011
9. Os restantes 40.682,00 € con cargo á dita partida do ano 2012

3º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade con múltiples criterios de adxudicación de data 11/04/2011.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a invitación a participar a un mínimo de 3 empresas.

35(484).- APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA DIRECCIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5248/551.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do asesor en materia de Mercados, de data 11.04.2011, conformado polo concelleiro delegado da área de Comercio, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 7.04.2011, e co informe do técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 8.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente nº 5248/551 para a contratación da Dirección da obra PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO

2º.- Aprobar o gasto de 70.682,00 € euros para a execución da Dirección da obra PROXECTO DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO, que se imputarán á partida 4310.6320001 “Inv. Moder. Mercado Progreso”, e elo de conformidade coas seguintes previsións:

10. 30.000,00 € correspondentes a partida do ano 2.011

11. Os restantes 40.682,00 € con cargo á dita partida do ano 2012

4º Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade con múltiples criterios de adxudicación de data 11/04/2011.

5º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a invitación a participar a un mínimo de 3 empresas.

36(485).- XUBILACIÓN ANTICIPADA DE D. ROGELIO ROCHA ALVAREZ. EXPTE. 21879/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta da técnica de xestión de RR.HH. de data 30.03.2011, conformado pola xefa de área de Réxime Local, e co informe do técnico de Intervención do 5.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Acordar, ao abeiro do disposto no artigo 33 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública en relación coa Instrución 8ª, apartado d) da Resolución do 21 de xuño do 2007, da Secretaría do Estado para a Administración Pública, a xubilación anticipada do vixiante de instalacións municipais, D. ROGELIO ROCHA ÁLVAREZ, provisto do DNI nº 35788429S e nº de persoal 15384, adscrito ao Servizo de XUVENTUDE, dende o día 11 de abril do 2011.

SEGUNDO.- Dispoñer o aboamento a D. ROGELIO ROCHA ÁLVAREZ (Nº 15384) da cantidade de catro mil oitocentos oito euros (4.808,10 €) en concepto de indemnización por xubilación anticipada, en execución do Acordo Regulador das Condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Ordenar que polo Servizo de Recursos Humanos (Xestión de Seguridade Social) se tramite o preceptivo expediente para que a Seguridade Social fixe a pensión que regulamentariamente lle corresponda.

CUARTO.- O presente acordo comuníquese ao interesado, á Xefatura do Servizo de Xuventude, Servizo de Recursos Humanos e Intervención Xeral aos efectos oportunos.

37(486).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, COMPOSICIÓN DE TRIBUNAIS E DATAS DE CELEBRACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO ANO 2008. EXPTE. 21941/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH. de data 11.04.2011, conformado pola xefa do servizo de RR.HH. e do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de xuño de 2008, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 10/02/2009 e no DOG do 19/02/2009), con modificación acordada e sesión da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril do 2010, publicado no BOP do 12/05/ 2010 e no DOG do 02/06/2010..

2.- A aprobación das bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de maio do 2010, tendo sido publicadas no BOP o 10/07/2010.

Finalizado o correspondente período de alegacións e recursos, estas foron resoltas en novos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 05/08/2010 e 24/08/2010, ano, sendo publicadas no BOP do 11/10/2010, e no DOG do 27/11/2010 publicouse a redacción definitiva das citadas bases.

3.- Por Resolucións do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 09/03/2011 (BOE nº 45, do martes 22/02/2011 e BOP do mesmo día) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas seguintes:

- Técnico/a de Xestión (promoción interna)
- Técnico/a Medio de Servizos Económicos (promoción interna)
- Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais (oposición libre)
- Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas (oposición libre)

- Alguacil (oposición libre)
- Administrativo de Administración Xeral (promoción interna)
- Oficial Conserxe (1 oposición libre e 1 promoción interna)
- Oficial Albanel (1 oposición libre e 1 promoción interna)
- Oficial Mecánico (oposición libre)
- Oficial Xardineiro (1 oposición libre e 3 promoción interna)
- Oficial Desinfectador (oposición libre).

4.- Rematado o prazo de presentación de instancias -de 20 días naturais - o día 14 de marzo do 2011, en data 05/04/2011 pola Concellería-delegada de Área de Xestión Municipal, ditouse Instrución para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes.

Pola súa parte, e solicitado informe ao técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, en data 06/04/2011 emítase informe sinalando a verificación documental das solicitudes presentadas, con indicación da lista de excluídos, que se reproduce na parte dispositiva, polo cal procede elevar ao órgano competente proposta de aprobación dos referidos aspectos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 60 da **Lei 7/2007, do 12 de abril**, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que: “Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.

II.- O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61, así o o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que podan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

III.- Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, xa contemplaba no seu artigo 127.1, apartado h) que a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.

IV.- Visto o recollido na Base 7ª das Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2008 en canto á competencia da Xunta de Goberno Local, e considerando igualmente o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, propónse ao dito órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

“Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas: Técnico/a de Xestión (promoción interna), Técnico/a Medio de Servizos Económicos (promoción interna), Técnico/a de Prevención de Riscos Laborais (oposición libre), Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas (oposición libre), Alguacil (oposición libre), Administrativo de Administración Xeral (promoción interna), Oficial Conserxe (1 oposición libre e 1 promoción interna), Oficial Albanel (1 oposición libre e 1 promoción interna), Oficial Mecánico (oposición libre), Oficial Xardineiro (1 oposición libre e 3 promoción interna) e Oficial Desinfectador (oposición libre), contidas na Oferta de Emprego público correspondente ao ano 2008, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte,

nos termos do informe emitido polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos en data 06/04/2011, e polos motivos indicados co código correspondente:

**PRAZA DE TÉCNICO/A DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
(OPOSICIÓN LIBRE)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
GONZÁLEZ PÉREZ	LUCÍA	34874792F	(2)
JUSTO GODAY	MARÍA ELENA	32690627Z	(2)
MACEDA CASAS	JOSE IGNACIO	36142817L	(3)

PRAZA DE ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS (OPOSICIÓN LIBRE)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
BARBUDO GARCÍA	JOSE IGNACIO	12234008D	(4)
SANTORIO MOSCOSO	DIEGO	53172015V	(4)
SUÁREZ MANSILLA	CARLOS	33282750W	(4)

PRAZA DE ALGUACIL (OPOSICIÓN LIBRE)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
CAMEÁN GUIMIL	SANTIAGO	36150578Y	(2)
MOSCOSO FERNÁNDEZ	ISRAEL	36151667Z	(2)
NUÑEZ DE LA BASTIDA	MANUEL	31615586Q	(3) e (5)
PRIETO COLLAZO	RUTH	36158401D	(1)
REY VIEITES	ÁLVARO	33295157N	(2)

**PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
(PROMOCIÓN INTERNA)**

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
ALONSO ÁLVAREZ	MARÍA ÁNGELES	36114883F	(6)
CORRAL GONZÁLEZ	ALBERTO JAVIER	36108258Y	(6)
CRESPO BASTOS	JOSE MANUEL	36047965L	(8)
DAVILA CRESPO	MARINA	36049214A	(8)
GARCÍA MENDUIÑA	MARÍA ISABEL	36065433F	(3)
GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	MARÍA EMILIA	36068508T	(7)
IBRAHIMI TALAMZALATI	SOUAD	X2703194G	(6)
SOTO BÚA	MONTSERRAT	36107948H	(6)

PRAZA DE OFICIAL CONSERXE (OPOSICIÓN LIBRE)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
COSTAS VÁZQUEZ	ANDREA	36131182E	(2)
FERNANDEZ PAZ	PATRICIA	36153638F	(10)
PRIETO COLLAZO	RUTH	36158401D	(1)
REY VIEITES	ÁLVARO	33295157N	(2)

PRAZA DE OFICIAL CONSERXE (PROMOCIÓN INTERNA)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
FERNÁNDEZ ALONSO	JOSE ÁNGEL	36037789D	(9)

PRAZA DE OFICIAL ALBANEL (OPOSICIÓN LIBRE)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
COSTAS VÁZQUEZ	ANDREA	36131182E	(2)

PRAZA DE OFICIAL XARDINEIRO (OPOSICIÓN LIBRE)

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
COSTAS VÁZQUEZ	ANDREA	36131182E	(2)

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (12) Por presentar a súa solicitude fora do prazo establecido ao efecto.
- (13) Por non asinar a súa solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
- (14) Por non acreditar ter ingresado os dereitos de exame, mediante orixinal ou copia compulsada acreditativa do ingreso.
- (15) Por non acreditar ou manifestar estar en posesión da titulación esixida nas bases da convocatoria.
- (16) Por non declarar que reúne as condicións e requisitos esixidos para o ingreso na función pública e na praza á que aspira, segundo o establecido na Base Cuarta das Xerais da convocatoria, e nas Bases Específicas de cada praza mediante declaración xurada ao efecto.
- (17) Por non ser funcionario de carreira deste Concello.
- (18) Por non ser persoal funcionario ou laboral fixo ao servizo da Corporación, que desenvolva funcións de persoal funcionario auxiliar administrativo.
- (19) Por non contar coa condición de auxiliar de administración, ben sexa funcionario/a da escala Auxiliar Administrativa ou persoal laboral, que desenvolva funcións de persoal funcionario de auxiliar administrativo ao servizo da Corporación.
- (20) Por non contar coa condición de persoal laboral ao servizo da Corporación, de conformidade coa Base III das específicas da convocatoria.
- (21) Renuncia da interesada.

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de subsanación de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros dos órganos de selección de **10 días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia; subsanación que deberá realizarse inescusablemente mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas demais formas que determina o artigo 38 da citada Lei, no modelo de solicitude que figura como anexo ao presente acordo, advertíndoselle que de non facelo serán declarados definitivamente excluídos.

Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes, efectuada polo Concelleiro-

delegada de Área de Xestión Municipal, contida en Instrución de data 05/04/2011, acordando que os órganos de selección quedarán integrados polos seguintes membros:

Presidente.-

Técnico/a de Xestión: Titular: D^a Sonia Estrada Ibañez, técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo. Suplente: D^a Luz María González Domínguez, técnica de actividades turísticas do Concello de Vigo.

Técnico/a Medio Servizos Económicos: Titular: D^a. M^a Jesús Magdalena Vila, Directora de Ingresos do Concello de Vigo. Suplente: D^a María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Inspección de Tributos do Concello de Vigo.

Técnico/a Prevención Riscos Laborais: Titular: D. Antonio Vivero Mijares, Licenciado en Dereito do Concello de Vigo. Suplente: D. Alvaro Crespo Casal, enxeñeiro industrial do Concello de Vigo.

Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas: Titular: D. Alvaro Crespo Casal, xefe da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo. Suplente: D. Agustín Rodríguez Carballo, Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas do Concello de Vigo.

Alguacil: Titular: D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, técnico de administración xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Ezequiel Fernández Carpintero, técnico de organización e planificación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.

Administrativo/a de Administración Xeral: Titular: Luz María González Domínguez, técnica de actividades turísticas do Concello de Vigo. Suplente: D^a Sonia Estrada Ibañez, técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo

Oficial Conserxe: Titular: D. Antonio Vivero Mijares, Licenciado en Dereito do Concello de Vigo. Suplente: D^a Sonia Estrada Ibañez, técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo

Oficial Albanel: Titular: D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego. Suplente: D. Benjamín Collazo Rodríguez, enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo.

Oficial Mecánico: Titular: D. Oscar Santiago Alonso Ferragud, xefe do Parque Móbil e Xerencia Parque Central do Concello de Vigo. Suplente: Titular: D. Alvaro Crespo Casal, xefe da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro: Titular: D. Gilberto Moldes Crespo, xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo. Suplente: D. Rafael Lage Veiga, enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns do Concello de Vigo.

Oficial Desinfectador: Titular: D^a María Dolores Bernárdez Fernández, xefa do Laboratorio Municipal do Concello de Vigo. Suplente: D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social do Concello de Vigo.

Secretario/a .-

Técnico/a de Xestión: Titular: D^a María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Inspección de Tributos do Concello de Vigo. Suplente: D^a Beatriz Barbará Rodríguez, técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Técnico/a Medio Servizos Económicos: Titular: D. Gustavo Rodríguez Bartol, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a Susana García Alvarez, técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Técnico/a Prevención Riscos Laborais: Titular: D. Lucio C. Varela Borreguero, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. José Rodríguez García, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas: Titular: D. Marta Riobó Ibañez, técnica de administración xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. José Rodríguez García, técnico de administración xeral do Concello de Vigo.

Alguacil: Titular:, D^a. Susana García Alvarez, técnica de administración xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Beatriz Barbará Rodríguez, técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Administrativo/a de Administración Xeral: Titular: Rosa Ana Garcinuño Barreiro, xefa de Seguridade do Concello de Vigo. Suplente: D^a María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Inspección de Tributos do Concello de Vigo.

Oficial Conserxe: Titular:, D^a. M^a.del Carmen Pintado García, técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. M^a del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo

Oficial Albanel: Titular: Rosa Ana Garcinuño Barreiro, xefa de Seguridade do Concello de Vigo. Suplente: D. Secundino Otero Failde, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Oficial Mecánico: Titular: D^a. Margarita Parajó Calvo, técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro: Titular: D. Secundino Otero Failde, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.. Suplente: D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo

Oficial Desinfectador: Titular: D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Secundino Otero Failde, técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo

Vogais.-

Técnico/a de Xestión:

1º Titular: D^a Ana Martín Herrero, técnica media de Servizos Económicos da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Suplente: D. Javier Muradás Blanco, técnico de xestión do concello de Vigo.

2º Titular: D^a. Alicia Paula Otero González, técnica de administración xeral do Concello de Pontevedra.

Suplente: D. José María Campos Durán, técnico de administración xeral do Concello de Pontevedra.

3º Titular: D. José Carlos Montemuiños Santos, inspector da Policía Local do Concello de Vigo.

Suplente: D^a. Cristina Chao Polo, funcionaria da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Técnico/a Medio Servizos Económicos:

- 1º Titular: D^a María Dolores Vieites Alén, técnica media de Servizos Económicos do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. M^a del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo
- 2º Titular: D. José María Campos Durán, técnico de administración xeral do Concello de Pontevedra.
Suplente: D^a. Alicia Paula Otero González, técnica de administración xeral do Concello de Pontevedra
- 3º Titular: D^a. Belén Pérez Barreira, técnica media de servizos económicos do Concello de Vigo.
Suplente: D. Javier D. Muradás Blanco, técnico de xestión do Concello de Vigo.

Técnico/a Prevención Riscos Laborais:

- 1º Titular: D^a Sonia Estrada Ibañez, técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos do Concello de Vigo.
Suplente: D^a Luz María González Domínguez, técnica de actividades turísticas do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D^a. Esther González Pillado, Catedrática de Dereito Procesal da Univesidade de Vigo.
Suplente: D. Pablo Grande Seara. Profesor e doutor de dereito procesal da Universidade de Vigo.
- 3º Titular: D. Santiago J. Martínez Pardo, funcionario do Concello de Vigo.
Suplente: D. Javier Muradás Blanco, técnico de xestión do Concello de Vigo.

Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas:

- 1º Titular: D. Sergio González Prada, enxeñeiro de camiños do Concello de Vigo.
Suplente: D. Juan José Aguirre Rodríguez enxeñeiro-técnico de obras públicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- 2º Titular: D. José Antonio Vilán Vilán, Catedrático de Enxeñería Mecánica da Universidade de Vigo.
Suplente: D. Benjamín Collazo Rodríguez, Enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Jorge Muñoz Rama, enxeñeiro técnico de obras públicas do Concello de Vigo.
Suplente: D. Alfonso Berros Pérez, enxeñeiro técnico industrial do Concello de Vigo.

Alguacil:

- 1º Titular: D^a Teresa Vaqueiro Hervello, xefa Subalternos do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. María Laura Escudero Martínez, subalterna do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D^a. M^a. Elvira Castellano Soto, subalterna do Concello de Pontevedra.
Suplente: D. José Luis García Soto, subalterno do Concello de Pontevedra.
- 3º Titular: D^a. M^a Raquel Rodríguez Díaz, administrativa de Administración Xeral do Concello de Vigo.
Suplente: D. Santiago J. Martínez Pardo, funcionario do Concello de Vigo.

Administrativo/a de Administración Xeral:

- 1º Titular: D^a Mónica Domínguez Estévez, administrativa de Administración Xeral do Concello de Vigo.

- Suplente: D^a Marta Román Breijo, administrativa de Administración Xeral do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D^a. Carmen Franco Alonso, administrativa de Administración xeral do Concello de Pontevedra.
- Suplente: D. Manuel Sanesteban Rodríguez, administrativo de Administración xeral do Concello de Neda.
- 3º Titular: D. Oscar Couce Senra, Administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Suplente: D^a. Concepción Rodríguez Garrido, administrativa do Concello de Vigo.

Oficial Conserxe:

- 1º Titular: D^a Teresa Vaqueiro Hervello, xefa Subalternos do Concello de Vigo.
- Suplente: D^a Patricia Cid Mouteira, subalterna do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D^a Mónica Muradás Garrido, subalterna do Concello de Vigo.
- Suplente: D^a María Laura Escudero Martínez, subalterna do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. José Luis García Soto, subalterno do Concello de Pontevedra.
- Suplente: D^a. M^a. Elvira Castellano Soto, subalterna do Concello de Pontevedra.
- 4º Titular: D. Oscar Couce Senra, Administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Suplente: D^a. Concepción Rodríguez Garrido, administrativa do Concello de Vigo.
- 5º Titular: D. Santiago J. Martínez Pardo, funcionario do Concello de Vigo.
- Suplente: D^a. M^a Raquel Rodríguez Díaz, administrativa de Admón. Xeral do Concello de Vigo
- 6º Titular: D. Julio Casal Piñeiro, funcionario do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Guillermo Lorenzo Carrera, empregado do Concello de Vigo.

Oficial Albanel:

- 1º Titular: D. José Luis Amoedo Mosquera, capataz de Vías e Obras do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Alfonso Berros Pérez, enxeñeiro técnico industrial do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. José Carlos Gutiérrez Rodríguez, oficial albanel do Concello de Vigo.
- Suplente: D. José Manuel Martínez González, capataz de Vías e Obras do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Jaime Capelo Rios, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
- Suplente: D. Manuel Cancela Outeda, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
- 4º Titular: D. Manuel Bueno Heredia, funcionario do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Francisco J. García Soto, empregado laboral do Concello de Vigo.
- 5º Titular: D. José Manuel Sanmartín Cerqueira, empregado laboral do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Carlos Pérez Rodríguez, empregado laboral do Concello de Vigo.
- 6º Titular: D. José Salvador Sanmartín Gómez, funcionario do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Guillermo Lorenzo Carrera, empregado do Concello de Vigo.

Oficial Mecánico:

- 1º Titular: D. José Luis Amoedo Moreira, oficial mecánico do Parque Móbil do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Eugenio Falque Fontán, oficial conductor do Parque Móbil do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Francisco Javier Agulla Amorín, oficial mecánico do Parque Móbil do Concello de Vigo.
- Suplente: D. José Luis Villarroel Vila, oficial conductor do Parque Móbil do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Jaime Capelo Rios, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
- Suplente: D. Manuel Cancela Outeda, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
- 4º Titular: D. Carlos Pérez Rodríguez, empregado laboral do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Francisco J. García Soto, empregado laboral do Concello de Vigo.
- 5º Titular: D. Ramón Vázquez Pazó, empregado laboral do Concello de Vigo.
- Suplente: D. Enrique Alonso Rodríguez, empregado laboral do Concello de Vigo.

- 6º Titular: D. Manuel Barciela Rivera, funcionario do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Manuel Sanmartín Cerqueira, empregado laboral do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro:

- 1º Titular: D. Benjamín Collazo Rodríguez, enxeñeiro industrial do Concello de Vigo.
Suplente: D. Alfonso Conde Rodríguez, oficial xardineiro do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. José Antonio Ballesteros Barcia, Oficial de oficios do Concello de Vigo.
Suplente: D. Gerardo Sánchez Vicente, oficial xardineiro do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Manuel Cancela Outeda, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
Suplente: D. Jaime Capelo Rios, Xefe Unidade Operativa do Concello de Pontevedra.
- 4º Titular: D. Francisco J. García Soto, empregado laboral do Concello de Vigo.
Suplente: D. Manuel Bueno Heredia, funcionario do Concello de Vigo.
- 5º Titular: D. Oscar Couce Senra, funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo.
Suplente: D. Guillermo Lorenzo Carrera, empregado do Concello de Vigo.
- 6º Titular: D. José Manuel Sanmartín Cerqueira, empregado laboral do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Salvador Sanmartín Gómez, funcionario do Concello de Vigo.

Oficial Desinfector:

- 1º Titular: D. Eugenio Costas Riveiro, técnico medio laboratorio do Concello de Vigo.
Suplente: D^a Rocío Lago Carrera, analista de laboratorio do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Ruben Garrido Rivero, Xefe do Departamento de Agraria, da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
Suplente: D. Manuel Pérez Barredo, enxeñeiro-técnico agrícola da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- 3º Titular: D^a Rosa Ana Martínez Aragunde, técnica auxiliar de laboratorio do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Esther Cambeiro Fuentes, analista de laboratorio do Concello de Vigo.
- 4º Titular: D. Francisco J. García Soto, empregado laboral do Concello de Vigo.
Suplente: D. Alfonso Conde Rodríguez, empregado laboral do Concello de Vigo.
- 5º Titular: D. Enrique Alonso Rodríguez, empregado laboral do Concello de Vigo.
Suplente: D. Ramón Vázquez Pazó, empregado laboral do Concello de Vigo.
- 6º Titular: D. José Manuel Sanmartín Cerqueira, empregado laboral do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Salvador Sanmartín Gómez, funcionario do Concello de Vigo.

Cuarto.- En igual senso, dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:

Técnico/a de Xestión: Promoción interna: Martes, 10 de maio de 2011, ás 09,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11º da Casa do Concello.

Técnico/a Medio Servizos Económicos: Promoción interna: Martes, día 31 de maio de 2011, ás 09,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11ª da Casa do Concello.

Técnico/a Prevención Riscos Laborais: Quenda libre: Luns, día 30 de maio de 2011, ás 09,00 horas, no Instituto Feiral de Vigo, IFEVI, sito na Avda. do Aeroporto nº 772 (Cotogrande).

Enxeñeiro/a Técnico/a Obras Públicas: Quenda libre: Luns, día 23 de maio de 2011, as 09,00 horas no Instituto Feiral de Vigo, IFEVI, sito na Avda. do Aeroporto nº 772 (Cotogrande).

Alguacil: Quenda libre: Martes, día 24 de maio de 2011, as 12,00 horas no Instituto Feiral de Vigo, IFEVI, sito na Avda. do Aeroporto nº 772 (Cotogrande) Vigo

Administrativo/a de Administración Xeral: Promoción interna: Venres, día 27 de maio de 2011, as 12,00 horas no Instituto Municipal de Educación (IME), sito no camiño Chouzo nº 2, desta cidade.

Oficial Conserxe: Quenda de promoción interna: Luns, día 9 de maio de 2011, ás 12,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11ª da Casa do Concello.

Quenda libre: Xoves, día 26 de maio de 2011, as 12,00 horas, no Instituto Feiral de Vigo -IFEVI-, sito na Avda. do Aeroporto nº 772 (Cotogrande).

Oficial Albanel: Quenda de promoción interna: Martes, día 10 de maio, as 12,00 horas, na Sala Audiovisual, “Vigo-dixital” sita na planta 11ª da casa do Concello.

Quenda libre: Venres, día 13 de maio de 2011, ás 12,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11ª da Casa do Concello.

Oficial Mecánico: Quenda libre: Martes, día 24 de maio de 2011, as 12,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11ª da Casa do Concello.

Oficial Xardineiro: Quenda de promoción interna: Mércores, día 11 de maio, as 12,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11ª da casa do Concello.

Quenda libre: Lúns, día 30 de maio de 2011, as 12,00 horas, no Instituto Feiral de Vigo, IFEVI, sito na Avda. do Aeroporto nº 772 (Cotogrande).

Oficial Desinfectador: Quenda libre: Xoves, día 12 de maio de 2011, ás 12,00 horas, na Sala Audiovisual “Vigo-dixital”, sita na planta 11ª da Casa do Concello.

Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondente ao ano 2008, habilítase expresamente ao Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para dispoñer tales cambios por resolución do mesmo.

Quinto.- Informar aos aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO

EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

Apelidos e Nome:	DNI:
------------------	------

Domicilio:	Telefono:
Domicilio a efectos de notificacion:	Telefono:

MANIFESTA:

Que tendo sido excluído dos procesos selectivos convocados para a provisión da praza de _____, pertencente a Oferta Publica de Emprego do ano 2008, polo motivo (marcar) SOLICITA a súa admisión.

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por presentar a súa solicitude fora do prazo establecido ao efecto.
 - (2) Por non asinar a súa solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
 - (3) Por non acreditar ter ingresado os dereitos de exame, mediante orixinal ou copia compulsada acreditativa do ingreso.
 - (4) Por non acreditar ou manifestar estar en posesión da titulación esixida nas bases da convocatoria.
 - (5) Por non declarar que reúne as condicións e requisitos esixidos para o ingreso na función pública e na praza á que aspira, segundo o establecido na Base Cuarta das Xerais da convocatoria, e nas Bases Específicas de cada praza mediante declaración xurada ao efecto.
 - (6) Por non ser funcionario de carreira deste Concello.
 - (7) Por non ser persoal funcionario ou laboral fixo ao servizo da Corporación, que desenvolva funcións de persoal funcionario auxiliar administrativo.
 - (8) Por non contar coa condición de auxiliar de administración, ben sexa funcionario/a da escala Auxiliar Administrativa ou persoal laboral, que desenvolva funcións de persoal funcionario auxiliar administrativo ao servizo da Corporación.
 - (9) Por non contar coa condición de persoal laboral ao servizo da Corporación, de conformidade coa Base III das específicas da convocatoria.
 - (10) Renuncia da interesada.
- Vigo, de _____ de 2011.

O/A INTERESADO/A

(Apelidos e nome)

38(487).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERIODO DE SEIS MESES DE TRES OFICIAIS CONDUCTORES, CATRO OFICIAIS DESBROZADORES E DOCE OPERARIOS PEÓNS. EXPTE. 21939/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., de data 8.04.2011, conformado pola xefa do servizo de RR.HH. e do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 11.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de dezanove funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais desbrozadores/as, oficiais condutores/as e operarios/as peóns, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza contidas no escrito de data 16 de febreiro de 2011, suscrito polo Xefe do Servizo e conformado pola Concelleira-delegada respectiva.

Segundo.- Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como oficiais condutores por un período máximo de seis meses, á D. JOSÉ LUIS OJEA DOMÍNGUEZ, DNI 36.050.799-R, D. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ, DNI 76.708.986-F e D. FERNANDO FERNÁNDEZ DAVILA, DNI 36.098.532-D, aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de persoal de oficios por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de abril do 2010 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como oficiais desbrozadores/as por un período máximo de seis meses, á D. ENRIQUE GUILLÁN ANDREY, DNI 36.105.005-L, D-EMILIO JOSÉ CABEZAS TORRES, DNI 76.898.737-P, D. JOSÉ JESÚS OTERO FERVENZA, DNI 78.734.225-G e D. SEVERINO VÁZQUEZ VARELA, DNI 36.005.817-F, aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de persoal de oficios por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de abril do 2010 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Cuarto.- Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como operarios/as peóns por un período máximo de seis meses, á D^a. EVA MARIA ALONSO GARRIDO, DNI 36.158.386-V, D. OSCAR GARCIA ALONSO, DNI 53.190.058-M, D^a. ANGELA CORTEGOSO SALGADO, DNI 77.464.132-V, D. OSCAR SEVILLA VALCARCEL, DNI 53.174.1156-L, D^a. M^a. DEL CARMEN LÓPEZ CASTIÑEIRA, DNI 36.117.799-W, D^a. SONIA MARIA FALQUE BARRAL, DNI 36.135.378-D, D^a. LEONOR M^a. BARRIO MARTÍNEZ, DNI 13.144.0088-W, D^a. ELSA QUINTELA GONZÁLEZ, DNI 36.059.874-Z, D^a. SONSOLES OTERO FERNÁNDEZ, DNI 36.091.721-Y, D^a. LIDIA M^a. RIVEIRO CEA, DNI 36.106.357-Z, D^a. M^a. DEL CARMEN MÍGUEZ MÉNDEZ, DNI 36.029.190-N e D. ROBERTO ALVAREZ DÍAZ, DNI 36.054.406-C., aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de persoal de oficios por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de abril do 2010 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Quinto.- Autoriza-lo gasto por importe de 201.459,61€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Sexto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

39(488).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.55 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.